

## Resolución Reitoral do 29 de novembro de 2016 pola que se publica a listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas da Convocatoria para implantar plans de internacionalización nos centros da Universidade de Vigo a partir do curso 2017-2018

Por Resolución Reitoral do 27 de xullo de 2016 convocouse unha liña de incentivos, en réxime de concorrencia competitiva, para implantar plans de internacionalización nos centros da Universidade de Vigo a partir do curso 2017/2018.

Publicada a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas e unha vez transcorrido o prazo de corrección, segundo o punto 4.3 das bases da convocatoria, esta Reitoría RESOLVE:


Ditar a resolución coa relación definitiva de solicitudes admitidas e non admitidas segundo o establecido no apartado 4.2 da convocatoria, indicando no se caso, as causas que motivasen a non admisión (Anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou dende o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 29 de novembro de 2016

O Reitor  
Por delegación de competencias (RR 7/5/2014)  
O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais

  
Manuel J. Fernández Iglesias

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201600020140  
29/11/16 10:14:39

Dilixencia para facer constar que esta resolución  
publícase no taboleiro de anuncios do Registro Xeral  
da Universidade de Vigo, con data 29 de novembro de 2016  
A secretaria do Vicerreitor

  
Carmen Luisa Pereira Castro

## ANEXO I

### LISTAXE DEFINITVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS:

#### Plans de Internacionalización

- Grao en Administración e Dirección de Empresas, Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (modalidade B).
- Grao en Turismo, Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (modalidade B).
- Grao en Enxeñaría Mecánica, Escola de Enxeñaría Industrial (modalidade B).
- Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Escola de Enxeñaría Industrial (modalidade B).
- Máster en Enxeñaría de Telecomunicación, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (modalidade B).
- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (modalidade B).
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, E.T.S. de Enxeñaría de Minas (modalidade B).
- Grao en Enxeñaría da Enerxía, E.T.S. de Enxeñaría de Minas (modalidade B).
- Grao en Comercio, Escola Universitaria de Estudos Empresariais (modalidade C).
- Máster de Comercio Internacional, Escola Universitaria de Estudos Empresariais (modalidade C).
- Máster de dirección de PEMES, Escola Universitaria de Estudos Empresariais (modalidade C).
- Grao en Bioloxía, Facultade de Bioloxía (modalidade B).
- Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Facultade de Filoloxía e Tradución (modalidade C).
- Grao en Ciencias do Mar, Facultade de Ciencias do Mar (modalidade B).
- Grao en Dereito, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (modalidade B).
- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (modalidade B).

### LISTAXE DEFINITVA DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS

Non hai solicitudes excluídas.